

## **INTERVENCIÓN DE PABLO LÓPEZ VIDAL NA MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOBRE A NOVA LEI DE MEDIDAS URXENTES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL DE GALICIA (13-02-04)**

Señoras e señores deputados, estamos aquí señora Rojo Noguera, ven vostede a defender unha moción consecuencia dunha interpelación que se debatiu o 26 de decembro pasado, unha iniciativa daquelas ou era pouco creíble ou deixouna total e absolutamente convencida a conselleira nas explicacións cousa que non me estraña. Pero vendo e analizando a moción despois non me estraña que anden decindo algúns por aí que están desnortados, non desnortados eu diría que andan vostedes bastante peridiños.

O consello da Xunta aproba un proxecto de lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, había un compromiso adquirido polo presidente en sede Parlamentaria e se cumpre, temos o proxecto, cúmprese coa palabra errada, con rigor e con celeridade, e vostede nos presenta aquí unha moción primeiro fálanos deste proxecto de lei daquelas era un borrador, agora nos fala do plan sectorial de ordenación do litoral e nesta moción nos quere poñer prazos, prazos para cumprir. Pois ben, o plan sectorial de ordenación do litoral, xa decía a señora Da Silva Méndez o da disposición transitoria octava da lei 2/2002 máis coñecida como lei Cuiña para que todos sepamos do que estamos falando, pero pasaron daquelas que viña esta obligación legal, viña esta estipulación pasaron dous anos para poñer en marcha este instrumento urbanístico pasaron 3 e vostedes perderon as eleccións, perderon a confianza dos galegos e das galegas e non fixeron absolutamente nada, e vostede en concreto vostede señora Rojo Noguera que daquelas se sentaba no consello da Xunta que ten potestades e facultades para facelo non fixeron absolutamente nada, polo tanto incumpliron flagrantemente esa previsión legal que vostedes puxeron nese texto normativo, porque ulo plan señora Pilar, ulo plan, señora Rojo perdón, din no meu pueblo, tarde piaches.

Modificaron a lei do solo tamén se dixo aquí no ano 2004 este plan non se fala nin se cambian os prazos, esto si que creou desconfianza na cidadanía, esto si que creou inseguridade xurídica un rosario de normas que vostedes puxeron en

circulación, normas e circulares explicativas do que era unha norma incomprensible, había que facer circulares, que non axudaron en nada a ordenar este país. Vostedes mal que lles pese, foron os colaboradores necesarios os que consentidores pasivos necesarios os que alentaron o desastre urbanístico do noso país, se acordan daquel concepto que vostedes acuñaron que era o feísmo urbanístico, fagan un pouco de penitencia e de reflexión pero claro agora teñen mala conciencia, recoñexan, eu quería que recoñezan o erro e que pidan perdón a cidadanía. Esquencéronse vostedes do plan do litoral, e que vostedes andaban a outra cousa daquelas, tiñan moitas cousas na cabeza, moitos problemas, a sucesión testada ou intestada pero do plan nada de nada, agora si ben previsto na lei de medias urxentes e de protección do litoral, o artigo 2 o di taxativamente que terá unha natureza dun plan territorial integral, ¿cal é o obxecto?e lle leo textualmente establecer criterios principios e normas para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras, esto é o obxectivo e tamén marca neste texto normativo o procedemento de aprobación que ven por certo regulado noutra lei súa, a lei do ano 1995 do 23 de novembro de ordenación do territorio de Galicia, artigo 5 e artigo 15 e alí se dice con total e absoluta claridade como se ten que aprobar este plan eu non sei que ven vostede marcando prazos e preguntándose ese é o camiño, está na lei e é o que marca este texto normativo que por certo lle repito fixeron vostedes.

Señora Rojo Noguera hai que leerse un pouco os papeles antes de subirse a esta tribuna. Temos un problema, buscamos solucións esta é a mecánica e o comportamento deste goberno, hai neste país un importante presión urbanística porque se dice e se documenta que se compra un piso allá por los madriles e no lote, no mesmo lote vai un apartamento na costa, só once concellos costeiros teñen o planeamento adaptado a lei do 2002 e claro xa pasaron catro anos daquelas. E vostedes, vostedes que non todos están aconstumbrados aquilo de todo vale e a mirar para outro lado e iso de momento acabouse, ou vaise acabar. Por certo, sin criminalizar a ninguén como fan vostedes, sin criminalizar a ninguén

Ninguén con absoluta tranquilidade, o presidente da Xunta, o señor Touriño comprometeuse diante dos cidadáns deste país en preservar os valores paisaxísticos, en ordenar e reacionalizar, en desenvolver un urbanismo sustentable e con futuro que sse disfrute dos servicios públicos por parte dos cidadáns con independencia do territorio donde vivan e en conquistar un país atractivo, equilibrado e ben ordenado, iso é un soño, pero ese soño é posible e realizable, aínda que vostedes non queiran subirse a este carro.

Dese compromiso, señora deputada, nace este proxecto de lei, a lei de protección do litoral que incorpora as suxestións do consello económico e social, pero é que nós polo menos mandamos os textos legislativos o informe do Consello Económico e Social que vostedes non facían, nin siquiera iso.

Unha lei pensada para protexer este país, para poñer en valor o territorio e para establecer criterios claros de ordenación e sostenibilidade para todos e todas que boa falta nós fan.

Un proxecto de lei que vostede acaba de facer aquí unhas manifestación, buenoa gora gústalle isto da pancarta, resulta que saen de pancarta os domingos e acaba vostede tamén chamar a insumisión e a que non se cumpra o texto, eu creín entender isto, a reveldía contra a aplicación desta lei, pero este proxecto de lei vai seguir o mesmo camiño que noutras comunidades autónomas que mais adiante ca nós o teñen, Cataluña, Cantabria e Asturias e por certo que ben contentos que están con isto.

Protección dos 500 metros para determinados tipos de solo por que isto tamén hai moita información confusa, vense afectados exactamente 87 concellos do litoral, o 13% da superficie urbanizable dos municipios costeiros, estes son 3000 hectáreas de terreno e isto supón exactamente o 1% do solo urbanizable de todo Galicia.

A suspensión que leva aparellada este texto normativo ten como non podía ser doutro xeito neste caso un carácter transitorio mentres os concellos non se adaptan a normativa actual ou non entre en vigor o plan de ordenación do litoral que vostedes foron incapaces de facer e nós vamos a rematar por facer.

Por certo, tamén me gustaría destacar neste texto legislativo a creación do instituto de estudos do territorio, para min é unha peza fundamental e importante por que presta asistencia técnica e asesoramento os concellos para facer

planificación que era unha demanda xeneralizada e que foi exactamente cumprida por parte da federación de concellos de Galicia.

Pero vostedes están en contra, non queren protexer o territorio, pero díganlo con claridade, queren que todo siga como está, anuncio do Concello de Barreiros, véndese vivenda unifamiliar, con acceso rodado, abastecemento e saneamento, isto é un anuncio público, que todo siga como está.

Hai fotografías diso, señor deputado, buenos e quere falamos tamén de Sanxenxo, da praia das Areas, a 150 metros da praia, pero bueno a persoa que impulsou esta ordenación cambiámola de sitio e que vai para outro lado.

Vostedes non fixeron os deberes cando tiveron responsabilidades en materias de urbanismos,c ando se sentaban no consello da Xunta, nós si que os vamos a facer e a exercer con dilixencia transparencia e oportunidade.

Por certo, con independencia de que haxa ou non haxa procesos electorais, con independencia que haxa eleccións locais ou non as haxa, vámolos facer igual, sen fariseismos que dicían vostedes este fin de semana e por certo non semellando sepulcros blanqueados engadiría eu.

Mire señora deputada, con isto conclúo, o PP segundo dixeron este fin de semana parece ser que se opón ou se vai opoñer a lei de protección da costa galega, esa é a súa responsabilidade, oponse desde o punto de vista o futuro do noso país, isto eu creo que a vostedes lle queda un pouco grande.

Na intervención da conselleira de política territorial, púxose claramente de manifesto que hai un cambio de modelo, que se acabou o imperio do ladrillo e do cemento indiscriminado, xa non vale todo neste país, vostedes poden seguir nas cabernas, aquelas que veñen recollidas no libro séptimo da república de Patlón, os socialistas e o goberno que lles sustentamos cambiamos o modelo urbanístico por que apostamos polo racional, polo ordenado , polo sostible e polo futuro e a lei que vamos a aprobar e que se vai a traer a este Parlamento é un instrumento indispensable para el.

E isto é o que lle pensa a maioría dos galegos e galegas e isto é o que nós demandan, por iso lle pido señora deputada que escoite e que retire esta moción.

Nada máis e moitas gracias.